



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE CATABOIS
CURSO: 3 ESO
MATERIA: MATEMÁTICAS APLICADAS
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS
DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Estándar de aprendizaxe | Criterio de avaliación |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Aplica as propiedades das potencias para simplificar fraccións cuxos numeradores e denominadores son produtos de potencias. (CMCCT) • Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica, nese caso, o grupo de decimais que se repiten ou forman período. (CMCCT) • Expresa certos números moi grandes e moi pequenos en notación científica. (CMCCT) • Expresa o resultado dun problema, utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario, de acordo coa natureza dos datos. (CMCCT) • Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de números naturais e expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. (CMCCT) • Emprega números racionais e decimais para resolver problemas da vida cotiá, e analiza a coherencia da solución.(CMCCT) | <p>Utilizar as propiedades dos números racionais e decimais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas, e presentando os resultados coa precisión requirida. (CMCCT)</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> • Calcula termos dunha sucesión numérica recorrente usando a lei de formación a partir de termos anteriores. (CMCCT) | <p>Obter e manipular expresións simbólicas que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos que inclúan patróns recursivos. (CMCCT)</p> |

| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Obtén unha lei de formación ou fórmula para o termo xeral dunha sucesión sinxela de números enteiros ou fraccionarios. (CMCCT) | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Suma, resta e multiplica polinomios, expresa o resultado en forma de polinomio ordenado. (CMCCT) • Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaas nun contexto adecuado.(CMCCT) | <p>Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información relevante e transformándoa. (CMCCT)</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> • Resolve ecuacións de segundo grao completas e incompletas mediante procedementos alxébricos e gráficos. (CMCCT) • Resolve sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas mediante procedementos alxébricos ou gráficos. (CMCCT) • Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido. (CMCCT) | <p>Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, e valorar e contrastar os resultados obtidos. (CMCCT)</p> |

- Interpreta o comportamento dunha función dada gráficamente. (CMCCT)
- Identifica as características máis salientables dunha gráfica, e interprétaos dentro do seu contexto. (CMCCT)
- Constrúe a gráfica dunha recta a partir dun enunciado contextualizado . (CMCCT)

Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica. (CMCCT)




2. Avaliación e cualificación

| | |
|--|--|
| <p>Avaliación</p> | <p>Procedementos: Para a valoración do traballo realizado polo alumnado utilizarase unha rúbrica elaborada polo membros do departamento para poder valorar e avaliar cada boletín. A nota final das rúbricas será a media aritmética das mesmas.</p> <hr/> <p>Instrumentos: Boletíns de actividades de seguimento, recuperación e ampliación dependendo dos casos no que se atope o alumnado.</p> |
| <p>Cualificación final</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Se ten as dúas avaliaci3ns anteriores aprobadas a nota final obterase facendo a media aritmética das dúas avaliaci3ns sumado ao traballo da terceira avaliación ata un máximo de dous puntos. • Se ten unha avaliación anterior suspensa a nota final obterase: avaliación aprobada 50% + nota final das rúbricas 50% • Se ten as dúas avaliaci3ns suspensas a nota final obterase: 1ª Avaliación 25% + 2ª Avaliación 25% + Nota final das rúbricas 50% |
| <p>Proba extraordinaria de setembro</p> | <p>O alumnado que no acade unha avaliación positiva en xuño, terá outra oportunidade en setembro. A proba de setembro redactarase tendo en conta os contidos traballados ata o día da instauración do estado de emerxencia.</p> |
| <p>Alumnado de materia pendente</p> | <p>Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación están establecidos tendo en conta os contidos mínimos esixibles establecidos na programación.</p> <hr/> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • alumnado coa primeira parte aprobada realizará o bloque 2 de actividades onde cada boletín estará valorado sobre 10. • alumnado coa primeira parte suspensa realizará dous bloques de actividades, bloque 1 e bloque 2, onde cada boletín estará valorado sobre 10. <p>A non entrega dun boletín suporá un 0 nese boletín. A nota final obterase da media aritmética dos boletíns de cada bloque.</p> <hr/> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Boletíns de recuperación elaborados por temas e separados en dous bloques.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se ten o primeiro bloque aprobado a nota final obterase: Nota obtida na proba: 50% + Nota final do bloque 2: 50% • Se ten o primeiro bloque suspenso a nota final obterase: Nota final bloque 1: 50% + Nota final do bloque 2: 50% |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|--|
| Actividades | Elaboración de boletíns de actividades de repaso, recuperación e nalgúns casos de ampliación atendendo en todo momento ás características e as necesidades do alumnado. |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | Na elaboración da adaptación da programación se tivo en conta os coñecementos dos alumnos e alumnas adquiridos ou en proceso do estudo nas avaliacións anteriores, polo que elaborouse boletíns de exercicios para poder detectar dificultades ou erros e así corraxir e superalos para o curso que ven. Tanto ao alumnado con conectividade e sen conectividade fáiselles chegar o material necesario para poder traballar e que ademais a comunicación sexa posible e fluída. |
| Actuacións (levadas a cabo co alumnado para o seguimento das clases) | Tutorías mediante Webex, teléfono, Abalar e correos electrónicos. Ademais todo o traballo entregado polo alumnado e reenviado coas correccións e aclaracións necesarias. |
| Materiais e recursos | Libros de texto, boletíns de exercicios propios, páxinas web, exercicios online, youtube. |

En Ferrol a 11 de maio 2020



Raquel Crespo Esteban

Xefe/a de Departamento

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | Correo electrónico, Abalar, Aula Virtual, Web do centro e App Webex. |
| Publicidade | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |